

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004526	San Narciso	Marín	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CSSSC01	Educación infantil	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0012	Autonomía persoal e saúde infantil	2024/2025	9	155	186

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	PATRICIA GÁNDARA ALONSO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A competencia xeral do título de TSEI fai referencia a pór en práctica e avaliar proxectos e programas educativos de atención á infancia no 1º ciclo de educación infantil no ámbito formal e en toda a etapa infantil no ámbito non formal.

Os técnicos e técnicas deberán aprender a xerar contornas seguras e espazos adecuados para desenvolver as súas actividades en colaboración con outros profesionais e coas familias implicadas.

O módulo de Autonomía persoal e saúde infantil contribúe a acadar competencias profesionais, persoais e sociais en relación a: seleccionar recursos, programar, organizar, implementar e avaliar intervencións educativas e de atención á infancia tendo en conta as características específicas dos grupos, as necesidades de cada infante e o funcionamento da institución onde se enmarque dita intervención. Así mesmo, o módulo está vinculado a capacidades relacionadas coa xeración de contornas e ambientes seguros e a actuación en caso de continxencias de forma efectiva e transmitindo confianza.

No ámbito produtivo capacita para:

- a atención das necesidades básicas (hixiene, alimentación e descanso) de nenos e nenas,
- a selección e emprego de técnicas, recursos e instrumentos adaptados ás necesidades das crianzas,
- a planificación e intervención na adquisición e consolidación de hábitos de autonomía persoal,
- a avaliación e seguimento do proceso e do resultado da intervención.
- a promoción da saúde infantil.

O módulo tratará por tanto de formar ao alumnado nas metodoloxías e dinámicas para estar capacitados/as para poder traballar satisfactoriamente en cada un deles, sexa cal sexa o tipo de centro e/ou programa.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Crecedemento e desenvolvemento físico na infancia.	Presentación e introdución aos contidos do módulo. Descrición das distintas etapas do crecedemento físico infantil dende o nacemento ata os 6 anos. Identificación e coñecemento dos instrumentos e parámetros empregados para a súa medición	36	15
2	Necesidades básicas na infancia	Identificación das necesidades básicas da infancia e análise dos principais aspectos conceptuais sobre a alimentación, a hixiene e o descanso dos nenos e nenas. Identificación dos trastornos máis frecuentes relacionados coas necesidades básicas da infancia e intervención sobre as mesmas. Así como posta en práctica e valoración das distintas técnicas en relación á alimentación, hixiene e descanso dos nenos/a, considerando as medidas de seguridade e hixiene necesarias en cada caso	87	45
3	Espazos e tempos para as rutinas na escola infantil.	Creación de ambientes seguros e adaptados ás necesidades dos nenos e nenas tendo en conta a normativa vixente en materia de seguridade e hixiene. Identificación e valoración das axudas técnicas que poderíamos necesitar empregar	11	5

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
4	Desenvolvemento e adquisición de hábitos de autonomía persoal. Intervención e avaliación.	Coñecemento, deseño, implementación, seguimento e avaliación das pautas de adquisición de hábitos en relación ás necesidades de autonomía persoal.	30	20
5	Promoción da saúde infantil.	Identificación e análise das enfermidades máis frecuentes na infancia, da súa prevención e tratamento. Valoración do papel da escola como axente promotor da saúde.	22	15

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Crecedemento e desenvolvemento físico na infancia.	36

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Planifica actividades educativas de atención ás necesidades básicas dos pequenos e das pequenas analizando as pautas de alimentación, hixiene e descanso, e os patróns de crecedemento e desenvolvemento físico.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse as etapas do desenvolvemento físico e os factores que inflúen nel.
CA1.2 Descríbense os parámetros básicos para o seguimento no desenvolvemento físico dos nenos e das nenas.
CA1.4 Descríbense as características e as necesidades dos pequenos e das pequenas en relación coa alimentación, a hixiene e o descanso.

4.1.e) Contidos

Contidos
Crecedemento e desenvolvemento físico de cero a seis anos: etapas, características e trastornos máis frecuentes.
Factores que inflúen no crecedemento e no desenvolvemento infantil.

Contidos
Parámetros básicos para o seguimento no desenvolvemento físico dos nenos e das nenas.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Necesidades básicas na infancia	87

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Planifica actividades educativas de atención ás necesidades básicas dos pequenos e das pequenas analizando as pautas de alimentación, hixiene e descanso, e os patróns de crecemento e desenvolvemento físico.	NO
RA2 - Programa intervencións educativas para favorecer o desenvolvemento de hábitos de autonomía persoal nos cativos e nas cativas en relación coas estratexias de planificación educativa e os ritmos de desenvolvemento infantil.	NO
RA3 - Organiza os espazos, os tempos e os recursos da intervención en relación cos ritmos infantís e a necesidade das rutinas dos nenos e das nenas de cero a seis anos e, de ser o caso, coas axudas técnicas que cumbran.	NO
RA4 - Realiza actividades de atención ás necesidades básicas e de adquisición de hábitos de autonomía dos cativos e das cativas, e xustifica as pautas de actuación.	NO
RA5 - Intervén en situacións de especial dificultade ou risco para a saúde e para a seguridade dos cativos e das cativas, e relaciona a súa actuación cos protocolos establecidos para a prevención e a intervención en casos de doenza ou accidente.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Identifícanse os tipos de alimentación da infancia.
CA1.5 Identifícaronse os criterios axeitados na elaboración de menús.
CA1.6 Elaboráronse tipos de dietas e menús adaptados ás características persoais: idade, alerxias, intolerancias alimentarias, etc.
CA1.7 Analizáronse as pautas de actuación na manipulación dos alimentos.
CA1.8 Descríbonse as pautas de actuación en relación ao aseo, a hixiene, o vestido, o descanso e o sono infantil.

Criterios de avaliación
CA1.9 Identificáronse os principais trastornos e conflitos relacionados coa alimentación, a hixiene e o descanso.
CA1.10 Propuxéronse actividades, recursos e estratexias acaídas para a satisfacción das necesidades básicas dos pequenos e das pequenas.
CA1.13 Relacionouse o xeito de atención de cada necesidade básica coas características dos cativos e das cativas.
CA1.14 Valorouse a importancia educativa das actividades relacionadas coa satisfacción das necesidades básicas.
CA2.1 Descríronse as fases do proceso de adquisición de hábitos.
CA2.2 Formuláronse obxectivos acordes ás posibilidades de autonomía pequenos e das pequenas.
CA2.3 Estableceuse a secuencia das aprendizaxes de autonomía persoal a partir das características evolutivas dos pequenos e das pequenas.
CA2.4 Deseñáronse ambientes favorecedores da autonomía persoal na infancia.
CA2.6 Propuxéronse actividades axeitadas para a adquisición de hábitos de autonomía persoal das nenas e dos nenos.
CA2.10 Explicouse o papel das persoas adultas na adquisición da autonomía infantil.
CA3.1 Explicouse o papel das rutinas no desenvolvemento infantil e a súa influencia na organización temporal da actividade do centro.
CA3.2 Establecéronse as rutinas diarias para a alimentación, a hixiene e os descanso.
CA3.5 Achegáronse solucións ante as dificultades detectadas.
CA4.4 Estableceuse unha relación educativa cos nenos e coas nenas.
CA4.8 Respectáronse as normas de hixiene, prevención e seguridade.
CA4.9 Respondeuse adecuadamente ante as continxencias.
CA4.10 Valorouse o papel do persoal educador na satisfacción das necesidades básicas e no desenvolvemento da autonomía dos cativos e das cativas.
CA5.10 Establecéronse e mantivéronse relacións de comunicación efectivas coas familias e, de ser o caso, con profesionais, seguindo os procedementos previstos.

Crterios de avaliación

CA5.11 Valorouse a importancia da educación para a saúde na escola infantil.

CA5.12 Valorouse o papel do persoal con titulación de técnico en educación infantil como axente de saúde e seguridade.

4.2.e) Contidos**Contidos**

Identificación das necesidades e dos ritmos de descanso e de sono infantís.

Aseo e hixiene persoal.

Vestido, calzado e outros obxectos de uso persoal.

Identificación de trastornos relacionados coa alimentación, co descanso e coa hixiene.

Principais afeccións alimentarias: alerxias e intolerancias. Dietas tipo.

Valoración da atención ás necesidades básicas como momento educativo.

Prevención e seguridade na atención ás necesidades básicas: análise de perigos e puntos de control críticos.

Alimentación: tipos.

Análise das características e das pautas da alimentación infantil.

Análise da información dos produtos alimentarios. Calidade alimentaria.

Crterios para a elaboración de menús infantís.

Elaboración de menús adecuados ás necesidades derivadas dos trastornos alimentarios, tendo en conta as alerxias e as intolerancias.

Manipulación dos alimentos.

Autonomía persoal na infancia: pautas de desenvolvemento.

Análise de estratexias educativas de creación e mantemento de hábitos relacionados coa alimentación, co descanso, co control de esfínteres e coa autonomía persoal nas actividades da vida cotiá infantil.

Identificación de conflitos e trastornos relacionados coa adquisición de hábitos de autonomía persoal.

Contidos
<p>Valoración do papel das persoas adultas na adquisición da autonomía persoal dos cativos e das cativas.</p> <p>Alteracións e conservación dos alimentos.</p> <p>Manipulación hixiénica dos alimentos.</p> <p>Análise de prácticas concretas de hixiene no ámbito da educación infantil.</p> <p>Análise do proceso que as nenas e os nenos seguen no control de esfínteres.</p> <p>Análise do papel do persoal profesional da educación infantil na atención ás necesidades básicas e na promoción da autonomía persoal dos cativos e das cativas.</p> <p>Normas de seguridade e hixiene aplicables ao persoal profesional da educación infantil.</p> <p>Valoración da coordinación coas familias e con outras persoas profesionais para a atención dos cativos e das cativas.</p>

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Espazos e tempos para as rutinas na escola infantil.	11

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Planifica actividades educativas de atención ás necesidades básicas dos pequenos e das pequenas analizando as pautas de alimentación, hixiene e descanso, e os patróns de crecemento e desenvolvemento físico.	NO
RA3 - Organiza os espazos, os tempos e os recursos da intervención en relación cos ritmos infantís e a necesidade das rutinas dos nenos e das nenas de cero a seis anos e, de ser o caso, coas axudas técnicas que cumbran.	NO
RA4 - Realiza actividades de atención ás necesidades básicas e de adquisición de hábitos de autonomía dos cativos e das cativas, e xustifica as pautas de actuación.	NO
RA5 - Intervén en situacións de especial dificultade ou risco para a saúde e para a seguridade dos cativos e das cativas, e relaciona a súa actuación cos protocolos establecidos para a prevención e a intervención en casos de doenza ou accidente.	NO
RA6 - Avalía o proceso e o resultado da intervención en relación coa satisfacción das necesidades básicas e a adquisición de hábitos de autonomía persoal, e xustifica a selección das estratexias e dos instrumentos empregados.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.11 Deseñáronse ambientes aptos e seguros para a satisfacción das necesidades de alimentación, hixiene e descanso.
CA1.12 Establecéronse os elementos materiais, espaciais e temporais que interveñen na planificación e no desenvolvemento das rutinas diarias.
CA3.3 Preparouse o espazo e as condicións máis acaídas para o descanso, a hixiene e a alimentación.
CA3.4 Organizáronse os tempos respectando os ritmos infantís e o equilibrio entre os períodos de actividade e de descanso.
CA4.3 Aplicáronse as técnicas de alimentación, aseo e hixiene infantil de bebés.
CA4.6 Respectáronse os ritmos individuais.
CA4.7 Utilizáronse as axudas técnicas seguindo os protocolos establecidos.
CA5.9 Comprobase que o ambiente, os materiais e os equipamentos específicos cumpran as normas de calidade e seguridade.
CA6.1 Identificáronse as fontes de información e as técnicas de seguimento do desenvolvemento físico e da adquisición de hábitos, e a detección de situacións de risco.
CA6.2 Seleccionáronse os indicadores e os instrumentos axeitados para o control e o seguimento da evolución dos cativos e das cativas, e do proceso de intervención.

4.3.e) Contidos

Contidos
Valoración da autonomía persoal no desenvolvemento integral dos cativos e das cativas.
Determinación de instalacións e dos materiais para a alimentación, a hixiene e o descanso dos pequenos e das pequenas.
Hixiene das instalacións e dos utensilios.
Adecuación de espazos e recursos para favorecer a autonomía dos pequenos e das pequenas.
Análise das rutinas na organización do tempo.
Organización da actividade: importancia dos ritmos individuais e do equilibrio entre a actividade e o descanso.

Contidos
Normativa en materia de seguridade e hixiene.
Aplicación de técnicas para a alimentación de bebés.
Aplicación de técnicas para o aseo e a hixiene infantís.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Desenvolvemento e adquisición de hábitos de autonomía persoal. Intervención e avaliación.	30

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Programa intervencións educativas para favorecer o desenvolvemento de hábitos de autonomía persoal nos cativos e nas cativas en relación coas estratexias de planificación educativa e os ritmos de desenvolvemento infantil.	NO
RA3 - Organiza os espazos, os tempos e os recursos da intervención en relación cos ritmos infantís e a necesidade das rutinas dos nenos e das nenas de cero a seis anos e, de ser o caso, coas axudas técnicas que cumbran.	NO
RA4 - Realiza actividades de atención ás necesidades básicas e de adquisición de hábitos de autonomía dos cativos e das cativas, e xustifica as pautas de actuación.	NO
RA5 - Intervén en situacións de especial dificultade ou risco para a saúde e para a seguridade dos cativos e das cativas, e relaciona a súa actuación cos protocolos establecidos para a prevención e a intervención en casos de doenza ou accidente.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.5 Establecéronse estratexias e instrumentos para a detección de elementos que dificulten a adquisición da autonomía persoal dos cativos e das cativas.
CA2.8 Valorouse a importancia da adquisición da autonomía persoal para a construción dunha autoimaxe positiva e do seu desenvolvemento integral, por parte do cativo e da cativa.
CA2.9 Valorouse a importancia da colaboración da familia na adquisición e na consolidación de hábitos de autonomía persoal.
CA3.7 Seleccionáronse as axudas técnicas necesarias.
CA3.8 Comprobouse que o ambiente, os materiais e equipamentos específicos cumbran as normas de hixiene e seguridade establecidas na normativa.

Cráterios de avaliación

CA4.2 Descríbense as estratexias para satisfacer as necesidades de relación nas rutinas diarias.

CA5.4 Valorouse a importancia do estado de saúde e da hixiene persoal ddo persoal educador na prevención de riscos para a saúde.

4.4.e) Contidos
Contidos

Identificación de axudas técnicas para a mobilidade e a comunicación na infancia.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Promoción da saúde infantil.	22

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Programa intervencións educativas para favorecer o desenvolvemento de hábitos de autonomía persoal nos cativos e nas cativas en relación coas estratexias de planificación educativa e os ritmos de desenvolvemento infantil.	NO
RA3 - Organiza os espazos, os tempos e os recursos da intervención en relación cos ritmos infantís e a necesidade das rutinas dos nenos e das nenas de cero a seis anos e, de ser o caso, coas axudas técnicas que cumbran.	NO
RA4 - Realiza actividades de atención ás necesidades básicas e de adquisición de hábitos de autonomía dos cativos e das cativas, e xustifica as pautas de actuación.	NO
RA5 - Intervén en situacións de especial dificultade ou risco para a saúde e para a seguridade dos cativos e das cativas, e relaciona a súa actuación cos protocolos establecidos para a prevención e a intervención en casos de doenza ou accidente.	NO
RA6 - Avalía o proceso e o resultado da intervención en relación coa satisfacción das necesidades básicas e a adquisición de hábitos de autonomía persoal, e xustifica a selección das estratexias e dos instrumentos empregados.	NO

4.5.d) Cráterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado
Cráterios de avaliación

CA2.7 Identifícaronse os conflitos e os trastornos relacionados coa adquisición de hábitos de autonomía na infancia.

Criterios de avaliación
CA3.6 Selecciónáronse os obxectos e os recursos materiais necesarios para traballar cos hábitos de alimentación, hixiene, descanso, etc.
CA3.9 Valorouse a importancia de respectar os ritmos individuais dos cativos e das cativas.
CA3.10 Organizáronse actividades e campañas de promoción da saúde.
CA4.1 Levouse a cabo a intervención con adecuación ás características individuais dos pequenos e das pequenas, aos criterios metodolóxicos previstos e aos recursos dispoñibles.
CA4.5 Aplicáronse estratexias metodolóxicas para favorecer o desenvolvemento da autonomía persoal nos cativos e nas cativas.
CA5.1 Identificáronse as características e as necesidades básicas dos nenos e das nenas de cero a seis anos en materia de saúde e seguridade, en relación coa etapa evolutiva en que se achen e cos instrumentos axeitados.
CA5.2 Identificáronse os principais factores implicados no proceso de doenza-saúde.
CA5.3 Descríbense as condicións e as medidas sanitarias e preventivas que cumpra adoptar para a promoción da saúde e o benestar nos centros de atención á infancia.
CA5.5 Indicáronse os criterios e os síntomas máis salientables para a identificación das principais doenzas infantís, e describíronse os protocolos de actuación.
CA5.6 Identificáronse os accidentes infantís máis frecuentes.
CA5.7 Descríbense as estratexias de prevención dos accidentes infantís.
CA5.8 Valorouse o papel das actitudes do educador ou da educadora infantil ante as situacións de doenza e accidente.
CA6.3 Aplicouse o instrumento de avaliación seguindo o procedemento correcto.
CA6.4 Rexistráronse os datos no soporte establecido.
CA6.5 Interpretouse correctamente a información recollida.
CA6.6 Identificáronse as causas dunha intervención non adecuada.
CA6.7 Identificáronse as situacións en que cumpra a colaboración das familias e doutro persoal profesional.
CA6.8 Elaboráronse informes sobre a evolución na adquisición de hábitos, a satisfacción das necesidades básicas e os trastornos nestes ámbitos dirixidos ás familias e a outro persoal profesional.

Crterios de avaliación

CA6.9 Valorouse a importancia da avaliación para dar unha resposta acaída ás necesidades básicas dos cativos e das cativas.

4.5.e) Contidos**Contidos**

Identificación de trastornos relacionados coa alimentación, co descanso e coa hixiene.

Organización de actividades e campañas de promoción da saúde.

Valoración das necesidades infantís como eixe da actividade educativa.

Saúde e doenza. Promoción da saúde.

Valoración do papel do persoal profesional da educación infantil na prevención de riscos relacionados coa saúde e a seguridade infantís.

Factores implicados no proceso de doenza-saúde

Educación para a saúde na escola infantil.

Identificación das doenzas infantís máis frecuentes. Pautas de intervención.

Vacinas

Trastornos derivados da discapacidade e de situacións de inadaptación social. Pautas de intervención.

Perigos e puntos de control críticos.

Análise dos riscos e dos factores que predispoñen para os accidentes na infancia. Epidemioloxía.

Prevención de riscos relacionados coa saúde e a seguridade infantís.

Instrumentos para o control e o seguimento do desenvolvemento físico e a adquisición de hábitos de autonomía persoal.

Interpretación de instrumentos e datos sobre a evolución dos parámetros físicos.

Análise de estratexias e instrumentos para valorar as condicións de seguridade e hixiene dos centros educativos e de atención á infancia.

Contidos

Detección de indicadores de risco para a saúde o a seguridade infantil.

Información ás familias e a outras persoas profesionais: instrumentos.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**MÍNIMOS ESIXIBLES:**

Os mínimos esixibles son os que figuran nos obxectivos específicos en cada unha das unidades didácticas e que veñen marcados polo currículo, así coma os criterios de avaliación citados no apartado anterior os cales considéranse imprescindibles para o logro dos resultados de aprendizaxe e para a cualificación positiva do módulo.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

A comprobación da adquisición das capacidades e contidos realizarase a través dos instrumentos de avaliación descritos a continuación:

- Probas escritas teórico-prácticas: realizarase, unha proba, como mínimo, de carácter obrigatorio ao final de cada avaliación. Estas probas estarán compostas por preguntas tipo verdadeiro e falso (ou tipoloxía similar, encher ócos, tipo test, enlazar respostas,...) e/ou preguntas curtas, e/ou, segundo as unidades a abordar, un ou varios supostos prácticos; ou diferentes tipos de preguntas se así o pacta a profesora co alumnado antes da proba. De avaliarse máis dunha unidade (cos seus respectivos RA e CA) irán desglosados de forma separada na proba para obter unha nota separada de ser preciso o caso. Para a súa superación deberá obterse un 5 sobre 10.

Nestas probas valorarase a claridade e exactitude das respostas, capacidade de análise e síntese, emprego axeitado dos contidos, resolución de todos os apartados solicitados e nivel de expresión escrita axeitado ao perfil profesional.

- Listas de cotexo: empregaranse estes instrumentos para revisar todos aqueles traballos e tarefas que o alumnado realice dentro ou fóra da aula, que teñan como resultado un produto susceptible de avaliar. Poderán ser traballos individuais ou grupais ou tarefas diarias da clase a ensinar á profesora unha vez rematadas. Para a súa superación deberá obterse un 5 sobre 10.

Valorarase a claridade de ideas na redacción, capacidade de síntese, as reflexións persoais fundamentadas, creatividade e innovación do formato, entrega no prazo acordado, redacción e coherencia, ortografía, contido e presentación. Ademais destes aspectos nos traballos grupais terase en conta, o reparto das tarefas, a coordinación dos membros do grupo no desenvolvemento das actividades e o coñecemento de todas as partes do mesmo, a nota poderá ser diferente para as distintas persoas que integren o grupo.

Na exposición das actividades: valorarase a claridade e corrección da exposición, análise e síntese dos contidos expostos, capacidade de comunicación, coordinación grupal e recursos empregados.

- Escalas de observación: a profesora valerase delas para avaliar as tarefas realizadas na aula, así como aspectos referentes ao comportamento individual e no grupo, e CA e actitudes relacionadas co perfil profesional recollidas no currículo. Para a súa superación deberá obterse un 5 sobre 10.

Estes instrumentos permitirán a avaliación ao longo do curso do nivel de aprendizaxe da alumna ou alumno en relación cos criterios de avaliación establecidos no currículo.

Polo tanto, para poder acadar unha avaliación positiva no módulo será preciso a realización e superación de todas as probas escritas obrigatorias,

así coma a realización e entrega de todas as actividades e traballos propostos, de acordo cos criterios acordados antes da súa elaboración. Nocaso de suspender algunha das probas valorarase a súa repetición e/ou a realización de traballos a maiores.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación de cada unidade didáctica virá determinada pola ponderación das cualificacións das tarefas, traballos e exames.

Exame teórico un 80%

Traballo/exercicios/actividades un 20%.

Consideraranse positivas as puntuacións iguais ou superiores a cinco en cada undos apartados.

NOTA: O alumnado deberá acadar unha nota mínima de 4 puntos tanto nas probas escritas como na práctica proposta para que se consideren compensables. De non ser así deberá recuperar as partes (Unidades Didácticas) non superadas.

NOTA: Se nalgunha das probas escritas, exercicios propostos, prácticas de clase se detectasen plaxios ou actitudes fraudulentas por parte do alumnado, esa proba será valorada con 0 puntos para o alumnado implicado na dita acción, quedando suxeito á asistencia ao proceso de recuperación da proba ou actividade.

NOTA: Non asistir a clase no día previsto para unha proba/exame dará lugar á cualificación de "non presentado". Para a realización da proba noutra data, a ausencia deberá estar debidamente xustificada, quedando a repetición da proba suxeita á decisión do equipo docente ou directivo.

NOTA: Se o módulo foi superado nas súas tres avaliacións, a cualificación da 3ª avaliación coincidirá coa avaliación final ao ter que ser coincidente por normativa de avaliación continua.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

A ORDE do 12 de xullo de 2011, no seu artigo 31.4 recolle que o alumnado de segundo curso que non poida acceder á FCT no período ordinario por ter módulos pendentes de primeiro e/ou segundo curso, poderá recuperalos neste mesmo período. Para este fin, o equipo docente asignaralle unha serie de actividades/exames de recuperación para os módulos non superados, con indicación expresa da data final en que serán avaliados.

Revisaranse todos os contidos abordados, as tarefas e traballos entregados pola alumna/o e os seus exames para valorar as necesidades formativas que precisa, establecendo así un calendario e unhas actividades a realizar de apoio, reforzo e recuperación, como por exemplo:

- Revisión de material de estudo.
- Lectura e análise de material complementario.
- Visionado de materiais audiovisuais.
- Elaboración de traballos e/ou proxectos de investigación e análise.
- Realización de supostos prácticos.
- Reelaboración de tarefas e traballos.
- Etc.

As actividades de recuperación concretaranse para cada alumno ou alumna tomando como referencia os resultados de aprendizaxe, os criterios de avaliación, os obxectivos e os contidos do módulo non adquiridos,

terán un carácter global e individualizado.

Con carácter xeral realizarase unha proba escrita na avaliación xeral de xuño, centrándose nas necesidades formativas detectadas de carácter teórico; ou por medio dunha proba de carácter práctico no caso de que deba recuperar esta parte.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado, que perdese o dereito á avaliación continua (10% de inasistencia ao módulo de xeito inxustificable), poderá seguir asistindo ás clases como oínte, pero as tarefas realizadas non serán avaliadas e non participará nos traballos en grupo nin nos exames parciais; soamente será avaliado a través dunha proba final extraordinaria.

Esta proba poderá ser realizada en marzo ou no mes de xuño, baixo a elección da ou do alumno e terá carácter teórico-práctico, contendo todos os contidos pertencentes ao módulo.

A proba poderá ter unha parte escrita e outra parte de simulación na que se valoren os contidos prácticos do módulo, como poden ser, entre outros, a elaboración de papillas, biberóns, o cambio de cueiros, o vestido e desvestido, a hixiene,.... Esta parte deberá ser grabada para documentar a mesma, con carácter avaliativo.

Para superar dita proba o alumnado deberá acadar os criterios de avaliación mínimos esixidos na programación e obter unha puntuación igual ou superior ao 5 sobre 10. A cualificación será numérica, entre o 0 e o 10, e coincidirá (unha vez realizado o redondeo xa explicitado anteriormente) coa cualificación final do módulo

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A programación será revisada ao inicio de cada curso académico á vista da experiencia do curso anterior e outras circunstancias.

O seguimento da programación realizarase aproximadamente cunha frecuencia mensual, no cal se reflectirá o grao de cumprimento con respecto á programación e a xustificación razoada no caso de desviacións. O seguimento da programación será levado a cabo a través da aplicación existente para o caso. O referido seguimento e revisión constará, de ser o caso, nas correspondentes actas do departamento ou do equipo docente do ciclo.

O alumnado afectado por estas modificacións, de levarse a cabo, sería informado adecuadamente, sobre todo no caso de modificacións relativas á avaliación.

Tras cada avaliación parcial extraeranse as estatísticas por parte da xefatura de estudos e estas serán valoradas e analizadas nos departamentos segundo os resultados obtidos.

Ao final de curso o docente pasaráselle unha enquisa ao alumnado na que este avaliará a práctica docente da profesora e a profesora tabulará as respostas do alumnado para valorar a experiencia.

Así mesmo, elaborará unha autoavaliación sobre o curso escolar e o módulo en cuestión. E, posteriormente, realizará a Memoria final do módulo, na que se incluírán tódalas propostas de mellora feitas durante o curso e que servirán como base para a elaboración das programacións do vindeiro curso. Ademais, realizarase a avaliación final desta programación didáctica, na que se anotarán todas as incidencias acaecidas ao longo do mesmo.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo das actividades do ciclo formativo, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Nesta sesión, o profesor ou profesora que se encargue da titoría dará a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas, ou persoais con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñen.

O/a profesor/a tomará nota desa información e ademais recollerá información a partir da observación do alumnado e das actividades e tarefa realizadas nas primeiras semanas do curso.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Realizarase un seguimento individualizado de cada caso, tratando de establecerse as medidas de reforzo máis axeitadas en cada un deles e colaborando estreitamente co resto do equipo educativo e o departamento de orientación nesta tarefa.

O desenvolvemento do traballo na aula dará a oportunidade de artellar mecanismos tendentes a atender ao alumnado en toda a súa diversidade:

-Flexibilizando tempos.

-Propoñendo actividades graduadas.

-Diversificando recursos e agrupamentos.

-Diversificando metodoloxías que teñan en conta os distintos ritmos e estratexias de aprendizaxe.

Se se detectan necesidades específicas de apoio educativo importantes, contemplarase a adaptación do sistema de avaliación e flexibilización modular coa aprobación previa do equipo educativo e da inspección educativa, de ser o caso.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A educación en valores está implícita no currículo do ciclo formativa, xa que está orientado á formación de profesionais competentes no ámbito da educación. En xeral, neste e noutros módulos trabállanse valores relacionados co interese polo desenvolvemento da infancia en todos os seus aspectos, actitude empática, capacidade de colaboración, cooperación e traballo en equipo, solidariedade, valores democráticos, tolerancia, respecto aos demais, coidado e respecto polo medio ambiente,....

De xeito máis concreto, no módulo trataranse aspectos como a valoración do establecemento de relacións de afecto no coidado de nenos e nenas, a tolerancia e respecto pola intimidade e privacidade do infante e das súas familias, a responsabilidade e a ética profesional, a igualdade de oportunidades para homes e mulleres, etc.

Para rematar dicir que se abordarán contidos referentes á educación para a saúde ao longo de varias unidades didácticas, incidindo na importancia do desenvolvemento íntegro das crianzas e na adquisición de

hábitos e comportamentos cívicos e saudables.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias e extraescolares a realizar serán as que determine por unha banda o Departamento de Servizos Socioculturais e á Comunidade, e, por outra, a profesora do módulo en colaboración co profesorado do ciclo restante (incluído o profesorado doutros departamentos).

Planifícaranse, de ser posible, principalmente ao longo da 1ª avaliación e levaranse a cabo ao longo de todo o curso.

Ao longo do curso promoveranse, na medida do posible, diferentes actividades complementarias e extraescolares tendentes a unha axeitada consecución dos resultados de aprendizaxe, previsto no currículo.

Propóñense as seguintes posibles actividades:

- Visitas e charlas de profesionais que desenvolven o seu labor na atención á infancia, ou no ámbito da saúde (p-ex. a visita a escola infantil do centro.)
- Visita a escolas infantís e visita a parques, onde poderán analizar a seguridade infantil, a distribución do espazo, os materiais e os elementos de seguridade,...